

20/06/2025

AVISO FITOSANITARIO

PRESENZA DE *GNOMONIOPSIS CASTANEA* EN CASTIÑEIROS

ANTECEDENTES



Gnomoniopsis castaneae Tamietti (sin. *G. smithogilvyi* LA Shuttleworth, ECY Liew e DI Guest), foi recentemente descrito como responsable da formación de cancrios en castiño (Pasche et al. 2016). Este fungo xa era coñecido e foi descrito nun primeiro momento como un patóxeno causando podrencia no froito (Crous et al., 2012) en Australia. Magro et al. (2010) mencionaron que un *Gnomoniopsis* sp.

podería estar asociado a necrose en follas. Maresi et al. (2013), informaron tamén da presenza de *Gnomoniopsis* sp. sobre bugallas inducidas pola avéspera *D. kuriphilus*.

Detectouse sobre diferentes especies arbóreas e arbustivas da familia Betulaceae, Fagaceae, Oleaceae e Pinaceae, incluíndo o castiño (*C. sativa*, *C. crenata* e híbridos entre as dúas especies), abeleira (*Corylus avellana* L.), aciñoira (*Quercus ilex* L.), e piño marítimo (*Pinus pinaster* Aiton).

Descrito por primeira vez en 2012 informouse de *G. castaneae* en varios países de Europa, Asia e Australia. A primeira detección en Galicia foi no ano 2020. Durante o presente ano, debido as condicións climatolóxicas, estase detectando unha maior presenza de danos producidos por este fungo nos froitos do castiño.

Por medio do convenio que a Consellería do Medio Rural ten co Laboratorio Fitopatolóxico do Areeiro, estase levando a cabo a recollida de mostras e analizando froitos, ourizos e ramas.

SÍNTOMAS

A produción de froitos comestibles pode verse comprometida en graos variables como consecuencia de factores moi diversos: estrés abiótico, patóxenos ou pragas e enfermidades, cuxa presenza pode reducir o froito, en rendemento e calidade. Estas ameazas poden afectar á saúde das árbores reducindo a súa vitalidade e determinando un descenso substancial na produción de castaña.

Os síntomas, dependendo da progresión da enfermidade, poden presentar confusión con enfermidades causadas por outros patóxenos fúnxicos como *Cryphonectria parasitica* (Murrill).

Os síntomas na madeira son en forma de cancos e pódense diferenciar visualmente pola cor dos picnidios. Mentres que os picnidios de *C. parasitica* teñen unha cor máis laranxa, os de *G. castaneae* son de cor máis avermellada que se escurece ata negra co paso do tempo.

Os froitos quedan secos, sen desenvolver e pode producir caída prematura dos ourizos.



MEDIDAS CULTURAIS

Tendo en conta a prevalencia da reprodución sexual en *G. castaneae* (Sillo et al. 2017), unha eficaz estratexia podería ser representada pola eliminación dos restos do castiñeiro caídos sobre o chan, sobre as que se desenvolve o estadio teleomorfo.

Na actualidade, a práctica máis recomendable, nesta e noutras enfermidades, consiste na eliminación de restos selvícolas e de ourizos afectados pola enfermidade.

RECOLLIDA DE MOSTRAS

Durante a primeira quincena do mes de xuño recolléronse mostras de follas e flores de castiñeiro, que foron enviadas o laboratorio da Estación Fitopatolóxica de Areeiro para a detección do fungo.

A recollida de mostras fíxose en parcelas da "Rede de Danos e Avisos Fitosanitarios" e en parcelas de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta.

PUNTO	Provincia	Concello
32-0543	Ourense	Vilamartin de Valdeorras
32-0553	Ourense	Carballeda de Valdeorras
32-0802	Ourense	Cortegada
32-1120	Ourense	Veiga (A)
32-1181	Ourense	Manzaneda
GA-CS-15	Ourense	Parada de Sil
GA-CS-16	Ourense	Castro Caldelas
GA-CS-18	Ourense	Sarreaus
GA-CS-19	Ourense	Castrelo do Val
GA-CS-20	Ourense	Gudiña (A)
GA-CS-22	Ourense	Cualedro
GA-CS-23	Ourense	Vilardevós
GA-CS-24	Ourense	Riós
GA-CS-27	Ourense	Leiro
GA-CS-45	Ourense	Barbadás
GA-CS-46	Ourense	Sandiás
GA-CS-47	Ourense	Entrimo
GA-CS-69	Ourense	Nogueira de Ramuín
GA-CS-70	Ourense	Parada de Sil
GA-CS-71	Ourense	Bolo (O)
GA-CS-73	Ourense	Viana do Bolo
GA-CS-74	Ourense	Riós
GA-CS-75	Ourense	Monterrei
27-2420	Lugo	Samos
27-2511	Lugo	Chantada
GA-CS-11	Lugo	Becerrea
GA-CS-12	Lugo	Incio (O)
GA-CS-67	Lugo	Antas de Ulla
GA-CS-68	Lugo	Folgoso do Courel
GA-CS-72	Lugo	Cervantes
TUXE_1	Ourense	Bolo (O)
TUXE_2	Ourense	Bolo (O)
CAMBELA_1	Ourense	Bolo (O)
CAMBELA_2	Ourense	Bolo (O)
PARADA DE SIL_1	Ourense	Parada de Sil
PARADA DE SIL_2	Ourense	Parada de Sil
INCIO_1	Lugo	O Incio
INCIO_2	Lugo	O Incio
PARADELA_1	Lugo	Paradela
PARADELA_2	Lugo	Paradela